



ANEXO III  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022607	Ánxel Casal - Monte Alto	Coruña (A)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN06	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1370	Fisiopatoloxía xeral	2023/2024	0	213	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MONTSERRAT REY MOAR
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece a estrutura e a organización xeral do organismo humano, e describe as súas unidades estruturais e as relacións segundo a súa especialización
RA2 - Identifica o proceso de desenvolvemento da doenza en relación cos cambios funcionais do organismo e as alteracións que provoca
RA3 - Recoñece os trastornos do sistema inmunitario en relación coas características xerais da inmunidade
RA4 - Identifica as características das doenzas infecciosas, tendo en conta a relación dos axentes infecciosos coas manifestacións clínicas
RA5 - Identifica o proceso de desenvolvemento tumoral e describe as características das neoplasias benignas e malignas
RA6 - Recoñece manifestacións de doenzas dos grandes sistemas do organismo e describe as alteracións fisiolóxicas das patoloxías máis frecuentes
RA7 - Recoñece trastornos hemodinámicos e vasculares, tendo en conta a relación das súas alteracións con doenzas humanas de grande morbilidade e alta mortalidade
RA8 - Recoñece trastornos endócrino-metabólicos e da alimentación, en relación con manifestacións de patoloxías comúns

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Detállouse a organización xerárquica do organismo desde a célula ao sistema
CA1.2 Describiuse a estrutura celular e os seus compoñentes
CA1.3 Describiuse a fisioloxía celular
CA1.4 Clasificáronse os tipos de tecidos
CA1.5 Detalláronse as características de cada tipo de tecidos



ANEXO III  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA1.6 Enunciáronse os sistemas do organismo e a súa composición
CA1.7 Definiuse a posición anatómica
CA1.8 Describíronse os planos e as posicións
CA1.9 Localizáronse e enumeráronse as rexións e as cavidades corporais
CA1.10 Relacionáronse as estruturas anatómicas, os órganos e os sistemas coas cavidades nas que están situados
CA1.11 Aplicouse a terminoloxía de dirección e posición
CA2.1 Describiuse o proceso dinámico doenza
CA2.2 Detalláronse os cambios e as alteracións na estrutura e nas funcións celulares
CA2.3 Describíronse os elementos constituíntes da patoloxía
CA2.4 Definíronse as partes da clínica
CA2.5 Especificáronse os grupos de doenzas
CA2.6 Clasificáronse os procedementos diagnósticos complementarios
CA2.7 Detalláronse as posibilidades terapéuticas fronte á doenza
CA2.8 Especificouse a etimoloxía dos termos clínicos utilizados en patoloxía
CA2.9 Aplicáronse as regras de construción de termos no vocabulario médico
CA3.1 Describíronse os órganos e as células do sistema inmune
CA3.2 Diferenciáronse os mecanismos de resposta inmunolóxica
CA3.3 Definíronse as características da inmunidade específica



ANEXO III  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA3.4 Detalláronse as características da resposta inmunolóxica específica
CA3.5 Secuenciouse a resposta inmunolóxica
CA3.6 Clasificáronse a patoloxía do sistema inmune
CA3.7 Descríronse as patoloxías máis frecuentes do sistema inmune
CA3.8 Detallouse a inmunización pasiva e activa
CA4.1 Descríronse as características das fontes de infección
CA4.2 Detalláronse os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas
CA4.3 Descríronse os tipos de axentes infecciosos
CA4.4 Detallouse a resposta do organismo á infección
CA4.5 Explicouse a resposta inflamatoria
CA4.6 Definíronse as características das principais doenzas infecciosas humanas
CA4.7 Analizáronse as posibilidades terapéuticas fronte ás doenzas infecciosas
CA5.1 Clasificáronse as neoplasias
CA5.2 Caracterizáronse as neoplasias benignas e malignas
CA5.3 Detallouse a epidemioloxía do cancro
CA5.4 Clasificáronse os axentes carcinógenos
CA5.5 Detalláronse as manifestacións clínicas dos tumores
CA5.6 Especificáronse os sistemas de prevención e diagnóstico precoz do cancro



ANEXO III  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA5.7 Descríbóronse as probas de diagnóstico do cancro e as posibilidades terapéuticas
CA5.8 Analizáronse as manifestacións das neoplasias malignas máis frecuentes
CA6.1 Definiuse a actividade fisiolóxica de órganos e aparellos
CA6.2 Describiuse a sintomatoloxía por aparellos máis frecuente
CA6.3 Clasificáronse os signos clínicos por aparellos máis frecuentes
CA6.4 Especificáronse as causas de fallo orgánico
CA6.5 Detalláronse as manifestacións da insuficiencia de órganos e aparellos
CA6.6 Utilizouse a terminoloxía clínica
CA7.1 Describiuse o mecanismo fisiopatolóxico do edema
CA7.2 Detallouse o proceso de formación dun trombo
CA7.3 Definiuse a embolia
CA7.4 Explicáronse as repercusións orgánicas do bloqueo da rega sanguínea no tromboembolismo
CA7.5 Descríbóronse as características da cardiopatía isquémica
CA7.6 Descríbóronse as características da embolia pulmonar
CA7.7 Relaciónáronse os trastornos hemodinámicos cos accidentes cerebrovasculares
CA8.1 Detalláronse os aspectos cuantitativos e cualitativos da alimentación normal
CA8.2 Defíníronse as características das alteracións fisiopatolóxicas endócrino-metabólicas máis frecuentes
CA8.3 Descríbóronse as consecuencias fisiopatolóxicas das carencias alimentarias



Criterios de avaliación do currículo
CA8.4 Explicáronse as características da obesidade
CA8.5 Analizouse o proceso fisiopatolóxico da diabeite
CA8.6 Analizouse o proceso metabólico dos lípidos
CA8.7 Detalláronse as repercusións orgánicas do exceso de colesterol

## **2.2. Segunda parte da proba**

### **2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece a estrutura e a organización xeral do organismo humano, e describe as súas unidades estruturais e as relacións segundo a súa especialización
RA2 - Identifica o proceso de desenvolvemento da doenza en relación cos cambios funcionais do organismo e as alteracións que provoca
RA3 - Recoñece os trastornos do sistema inmunitario en relación coas características xerais da inmunidade
RA4 - Identifica as características das doenzas infecciosas, tendo en conta a relación dos axentes infecciosos coas manifestacións clínicas
RA5 - Identifica o proceso de desenvolvemento tumoral e describe as características das neoplasias benignas e malignas
RA6 - Recoñece manifestacións de doenzas dos grandes sistemas do organismo e describe as alteracións fisiolóxicas das patoloxías máis frecuentes
RA7 - Recoñece trastornos hemodinámicos e vasculares, tendo en conta a relación das súas alteracións con doenzas humanas de grande morbilidade e alta mortalidade
RA8 - Recoñece trastornos endócrino-metabólicos e da alimentación, en relación con manifestacións de patoloxías comúns

### **2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

Criterios de avaliación do currículo
CA1.2 Describiuse a estrutura celular e os seus compoñentes



ANEXO III  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA1.5 Detalláronse as características de cada tipo de tecidos
CA1.8 Describíronse os planos e as posicións
CA1.9 Localizáronse e enumeráronse as rexións e as cavidades corporais
CA1.10 Relacionáronse as estruturas anatómicas, os órganos e os sistemas coas cavidades nas que están situados
CA2.6 Clasificáronse os procedementos diagnósticos complementarios
CA2.9 Aplicáronse as regras de construción de termos no vocabulario médico
CA3.1 Describíronse os órganos e as células do sistema inmune
CA3.2 Diferenciáronse os mecanismos de resposta inmunolóxica
CA3.8 Detallouse a inmunización pasiva e activa
CA4.2 Detalláronse os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas
CA5.1 Clasificáronse as neoplasias
CA5.4 Clasificáronse os axentes carcinógenos
CA6.1 Definiuse a actividade fisiolóxica de órganos e aparellos
CA6.4 Especificáronse as causas de fallo orgánico
CA7.1 Describiuse o mecanismo fisiopatolóxico do edema
CA7.5 Describíronse as características da cardiopatía isquémica
CA8.2 Definíronse as características das alteracións fisiopatolóxicas endócrino-metabólicas máis frecuentes
CA8.5 Analizouse o proceso fisiopatolóxico da diabetes



Criterios de avaliación do currículo

CA8.6 Analizouse o proceso metabólico dos lípidos

### 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles son os que veñen relacionados no currículo do ciclo para este módulo agás C.A.1.4; C.A.2.1.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluir de calquera parte da proba do módulo aos alumnos ou alumnas que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, a profesora do módulo profesional cualificará ao alumnado excluído desta parte da proba do módulo cun cero.

#### 3.2 Criterios de cualificación:

3.2.1. Primeira proba: Terá carácter eliminatorio e consistirá nun cuestionario de preguntas teóricas, de resposta breve e/ou tipo test, que versarán sobre o recoñecemento de situación fisiolóxicas e patolóxicas do organismo humano, as cales tamén poderán facer referencia a situación recollidas en rexistros gráficos e debuxos esquemáticos, relacionadas todas elas co currículo do ciclo. As preguntas test erradas penalizaranse en unha proporción 2 erradas: 1 correcta.

A profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación o alumnado deberá obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. O alumnado que non supere a primeira proba, quedará directamente eliminado do proceso.

#### 3.2.2. Segunda proba: Poderá consistir en:

- Identificación en láminas anatómicas e/ou modelos anatómicos de distintas estruturas do corpo humano.
- Desenvolvemento de cuestións sobre casos prácticos que incorporen coñecementos anatomofisiopatolóxicos relativos aos distintos aparatos e sistemas do mesmo.

Esta proba versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

A profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación o alumnado deberá obter





unha puntuación igual ou superior a 5.

### 3.2.3. Cualificación final:

Para cualificar ao alumno aplicaranse os criterios de avaliación:

Proba escrita dos contidos teóricos (primeira parte da proba).....50%.

Proba práctica (segunda parte da proba). .....50%.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte. A nota final será o 50% da nota da primeira proba.

No caso do alumnado que suspenda a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignárselle será de catro puntos.

O alumnado terá que ter superadas ambas probas, teórica e práctica, para acadar a avaliación positiva no módulo. A cualificación final correspondente da proba do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima, no caso de resultar decimais.

## 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

### 4.a) Primeira parte da proba

Proba teórica: Consistirá nunha proba escrita que pode incorporar preguntas curtas e/ou preguntas tipo test de resposta única coas características especificadas no punto 3. Na proba tamén se poderán incorporar algunha/s pregunta/s de escolla múltiple, con varias opcións correctas.

Ao alumnado entregaráselle un cuestionario nun documento impreso e grampado, que non poderá ser desgrampado nin se lle poderán incorporar ao mesmo documentos alleos ao proceso.

A proba, de carácter eliminatorio, puntuarase de 0 a 10, e requirirase un mínimo de 5 para a súa superación.

No caso das preguntas tipo test de resposta única correcta, por cada 3 respostas contestadas incorrectamente, descontarase unha correcta (ou a parte proporcional correspondente no caso de contestar incorrectamente só unha ou dúas). As preguntas non respondidas, non puntuarán nin negativa nin positivamente.

A duración da proba será de 2 horas. Para a realización da mesma, será necesario o uso de bolígrafo de tinta indeleble de cor azul ou negra. Non se permitirá o uso de corrector.

Non se permitirá o uso de móbiles nin calquera outro dispositivo electrónico que poida interferir co correcto desenvolvemento da proba.



Para garantir o cumprimento desta norma tódalas persoas que efectúen a proba:

- Non poderán utilizar reloxo. Os profesorado indicará periodicamente a hora que é, e sempre que se demande polas persoas participantes.
- Os pavillóns auriculares deberán estar completamente visibles para descartar o emprego fraudulento con dispositivos dixitais nesas localizacións.

A utilización dos dispositivos aos que se refire o apartado anterior implicará a expulsión do alumno ou alumna e a finalización do exame para esta/s persoas.

Será necesaria a identificación dos/das aspirantes con DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición da comisión avaliadora, durante o desenvolvemento da proba.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/a alumno/a.

Ao remate do exame a/o alumna/o entregará o cuestionario de preguntas, no que deben constar os seus datos identificativos.

Está prohibido para o alumnado sacar da aula o exame.

No caso de proba de carácter telemático, as persoas precisarán un ordeador e conexión a internet.

Neste suposto, indicáraselle ás persoas con dereito á realización da proba a plataforma e a hora en que teñen que estar conectadas. Tamén se avisará se é necesario gravar a proba, só para ter evidencias en caso de discrepancia coa nota.

Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro.

#### 4.b) Segunda parte da proba

Proba práctica: Poderá consistir en:

- Identificación en láminas anatómicas e/ou modelos anatómicos de distintas estruturas do corpo humano.
- Desenvolvemento de cuestións tipo test ou pregunta curta sobre casos prácticos que incorporen coñecementos anatomofisiopatolóxicos referidos ao currículo do módulo.

A proba, de carácter eliminatorio, puntuarase de 0 a 10, e requirírase un mínimo de 5 para a súa superación.



**ANEXO III**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

A duración da proba será de 2 horas. Para a realización da mesma, será necesario o uso de bolígrafo de tinta indeleble de cor azul ou negra. Non se permitirá o uso de corrector.

Non se permitirá o uso de móbiles nin calquera outro dispositivo electrónico que poida interferir co correcto desenvolvemento da proba.

Para garantir o cumprimento desta norma, tódalas persoas que efectúen a proba:

- Non poderán utilizar reloxo. O profesorado indicará periodicamente a hora que é, e sempre que se demande polas persoas participantes.
- Os pavillóns auriculares deberán estar completamente visibles para descartar o emprego fraudulento de dispositivos dixitais nesas localizacións.

A utilización de dispositivos aos que se refire o apartado anterior implicará a expulsión do alumno ou alumna e a finalización do exame para esta/s persoa/s.

Será necesaria a identificación dos/das aspirantes con DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición da comisión avaliadora, durante o desenvolvemento da proba.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/a alumno/a.

Ao remate do exame a/o alumna/o, entregará o cuestionario de preguntas, no que deben constar os seus datos identificativos.

Está prohibido para o alumnado sacar da aula o exame.

Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro.